

**ACORDO DE RECIPROCIDADE**  
**ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESORES DE EDUCACIÓN MATEMÁTICA (AGAPEMA)**  
**SOCIEDADE GALEGA PARA A PROMOCIÓN DA ESTADÍSTICA E DA INVESTIGACIÓN DE**  
**OPERACIÓNS**  
**(SGAPEIO)**

En concordancia cos estatutos en vigor de ámbalas sociedades (artigos 5 de AGAPEMA e 2.2 da SGAPEIO) tras consulta e aprobación dos órganos de goberno respectivos, os presidentes destas sociedades firman o presente acordo de reciprocidade.

1.-A SGAPEIO recoñece a tódolos socios numerarios de AGAPEMA, ao corrente do pago das súas cuotas, o dereito a ser socios de reciprocidade, e fixa a súa cuota anual no 50% da cuota correspondente á dos membros individuais da SGAPEIO.

2.-AGAPEMA recoñece a tódolos socios numerarios individuais da SGAPEIO, ao corrente do pago das súas cuotas, o dereito a ser socios de reciprocidade e fixa a súa cuota anual no 50% da cuota correspondente á dos socios numerarios de AGAPEMA.

3.-O importe da cuota de reciprocidade cobraráo cada sociedade xuntamente co cargo anual a cada socio. Cada sociedade remitirá anualmente á sociedade recíproca o importe correspondente da cuota de reciprocidade.

4.-Esta opción será comunicada anualmente por cada unha das sociedades a todos os seus socios, indicando explícitamente o importe a sufragar tras aplicar as anteriores porcentaxes á cuota anual correspondente.

5.-Ambalas sociedades comprométense a facilitarse os datos necesarios sobre os socios de reciprocidade para non ter problemas co pago das cuotas. Para elo arbitrase o mecanismo que se considere oportuno.

6.-A AGAPEMA e a SGAPEIO comprométense a :

-Intercambiar as súas publicacións periódicas.

-Cursarse invitacións para actividades relevantes organizadas por cada unha das dúas sociedades.

-Manter contactos periódicos co obxecto de estudar e resolver os problemas que existen sobre o ensino e a investigación en matemáticas.

-Organizar algún evento puntual conxuntamente

7.-O presente acordo perderá a súa validez por incumplimento dos obxectivos do mesmo ou por desexo de unha das partes, sempre que sexa refrendado polos seus órganos de goberno e sexa comunicado coa suficiente antelación.

O presente acordo firmase simultaneamente polos Presidentes de ámbalas sociedades na cidade de A Coruña o día 1 de marzo de 2002.